



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

## BANDO

M. INÉS MONTEAGUDO ROMERO, como Alcaldesa-Presidenta do Concello de Muros, en base ás atribucións que me confire a Lei

### FAGO SABER

Que como consecuencia das extraordinarias circunstancias provocadas polo COVID-19 e seguindo as recomendacións da Xunta de Galicia sobre a adopción de medidas preventivas, acórdase, dende o día 13 de marzo:

-Suspender as actividades deportivas, educativas, culturais, sociais... organizadas ou autorizadas polo Concello. Dende o sábado 14 de marzo estarán pechados piscina municipal, pavillóns polideportivos, campos de fútbol, bibliotecas, escola de música, aula informática, centros de interpretación e demais recintos nos que se presten este tipo de actividades.

-Suspender os mercadiños de luns, martes e venres en todo o Concello.

-A atención ó público nas dependencias municipais verase limitada aos casos estritamente necesarios. Os trámites administrativos faranse por vía telefónica ou telemática na sede electrónica municipal ([sede.muros.gal](http://sede.muros.gal)) e nos teléfonos seguintes:

<b>Oficinas xerais</b>	<b>981826050</b>
<b>Cultura e deportes</b>	<b>981762294</b>
<b>Servizos sociais</b>	<b>981762465</b>

-Recoméndase seguir con atención as indicacións das autoridades sanitarias e solicítase de toda a veciñanza a máxima colaboración. Mantemos contacto constante coas autoridades e iremos informando de calquera cambio ou medida que se adopte.

Muros, 12 de marzo de 2020  
A Alcaldesa

M. Inés Monteagudo Romero